

A filla de Woody Allen

Con Marián Bañobre

Escrita e dirixida por Santiago Cortegoso



A filla de Woody Allen

O punto de partida de “A filla de Woody Allen” é o inicio dunha viaxe, unha viaxe da protagonista na procura de seu pai, do cal só sabe que vive en Nova Iork e que lle manda un agasallo cada ano polo seu aniversario. Estes agasallos son tesouros para ela e constitúen un crebacabezas co que foi construíndo un mito que a acompaña no seu desenvolvemento vital. Atoparse con ese mito revélase como a vía para acadar a felicidade, pero tamén supón unha fuxida dunha vida cotiá insatisfactoria. Ela loita. É incansable. É vitalista. E pon todas as súas esperanzas nese ser descoñecido. A viaxe a Nova Iork é a viaxe a un mundo ideal; é a procura de algo por definir, unha interrogante vital que non sabe se será respondida.

Equipo artístico

Creación colectiva de:

Santiago Cortegoso (director e encargado da ordenación do territorio textual)

Carmela Bueno (coreógrafa e encargada da ordenación do territorio xestual)


Marián Bañobre (actriz y encargada da desordenación do material textual e xestual)

Colaboradores:

Diego Seixo (ordenación do territorio visual)

Anxo Graña (ordenación do territorio musical)

Raquel Martínez Olariaga (realización de vestuario)



“Eu teño que comer unha cenoria todas as mañás porque teño a melanina baixa. Tamén teño as defensas baixas; e outras cousas altas, como a tensión ocular. Pero a cenoria é fundamental. Se hoxe non tomo cenoria, quedo sen pigmentación e mañá levántome como unha cebra.”

“Non entendo por que nos sentimos superiores por adorar desde hai dous mil anos a un melenudo crucificado en taparrabos e sen afeitar”





Marián Bañobre, actriz. Diplomada pola Escola Actoral Casahamlet d'A Coruña en 2.001. Posgraou en Arte Dramática "Teoría e práctica da Interpretación" na Universidade de Santiago de Compostela. Ten traballado en Teatro de Ningures, Abrapalabra, Centro Dramático Galego, Sala Triángulo (Madrid), Teatro do Morcego, Théâtre Organic (París), Nove-dous, Maquinaria Pesada, Festiclown, entre outras. En audiovisual, ten participado en series da TVG como "Air Galicia" ou "O Nordés". Premio María Casares a mellor actriz secundaria en 2006 por Tartufo (Teatro de Ningures).

Carmela Bueno, coreógrafa, bailarina e docente de danza contemporánea. Formada en Greenwich Dance Academy e Jerwood Space (Londres) con Lauren Potter, Paul Douglas, Sonia Rafferty e Gill Clark entre outros. Tamén en Galicia con Paulo Ribeiro, Chevy Muraday, Armando Martén, Sabine Dahrenford, Pere Jané, Olga Cameselle, Cristiane Boullosa, etc.. Bailarina e coreógrafa nas compañías Disquedanza, A Factoría Teatro, Teatro do Morcego, Dobre Xiro Danza e na fundación Igualarte.

Santiago Cortegoso, autor, director e actor. Especialista en Arte Dramática pola Universidade de Santiago de Compostela (1.998), asistente aos talleres de escrita dramática "Pistas para unha dramaturxia de actualidade", no Centro Dramático Galego (2.006-09); autor dos textos Visión Nocturna, Hámster (seleccionado nos III Encontros en Magalia e estreado na Sala Triángulo de Madrid en 2.009), Casa O'Rei, Des-memoria-2 (para Disquedanza, estreado en 2.009) e 0'7% MOLOTOV (Premio Rafael Dieste 2.009). Actor en Teatro de Ningures, A Factoría Teatro, Teatro do Morcego, Nove-Dous Teatro, Balea Branca, Llu Llu Teatro, etc...



Producción e contratación:
Santiago Cortegoso
cortegoso@hotmail.com
986 102 832 / 696 730 037
www.afilladewoodyallen.blogspot.com

